

**Rodríguez Garabatos, B. P. (2021). *Emilia Pardo Bazán: visiones del dandismo*. A Coruña: Hércules de Ediciones. 156 pp.**

Fátima Díez Platas<sup>1,a</sup>

<sup>1</sup> Universidade de Santiago de Compostela, España

✉ [fatima.diez@usc.es](mailto:fatima.diez@usc.es)

Recibido: 21/03/2022; Aceptado: 25/10/2022



Como se pode ler no prólogo de María Luisa Sotelo, o traballo da investigadora Blanca Rodríguez Garabatos, profunda coñecedora da obra de Emilia Pardo Bazán, na elaboración do monográfico que leva por título *Emilia Pardo Bazán: visiones del dandismo*, salienta por tratarse dun estudo erudito, froito dunha extensa investigación académica. Con todo, ten a forma dun ensaio áxil que se le con gran facilidade e que mostra á vez contidos documentados e interpretados dunha maneira orixinal. Unha orixinalidade que se fai patente en varios aspectos.

En primeiro lugar, destácase a utilización das descrições, afirmacións e consideracións sobre o dandi e o fenómeno do dandismo que poboan a obra da gran novelista galega para construír un discurso que é unha mirada que se apoia nas pasaxes que se entresacan das novelas e contos pardobazanianos.

En segundo lugar, hai unha interesante novidade na maneira de presentar este discurso sobre un tema relacionado coa estética, as actitudes vitais decimonónicas e a peculiar autoconsideración persoal de varios personaxes reais e de ficción enmarcándoos na elaborada teorización sobre o dandismo que provén do ámbito da literatura do século XIX. Os textos de Balzac, Baudelaire, Carlyle ou Wilde engarzan entre si e coas pasaxes da autora estudada para ofrecer un rico panorama de ambas as cuestións, da figura do dandi e a teorización literaria e estética que leva aparellada, por unha banda, e, por outra, da visión aguda e profunda que ofrece sobre o tema a obra de Pardo Bazán.

Un terceiro aspecto contribúe a dotar de atractivo e dunha perspectiva innovadora esta presentación dun tema literario: a propia estrutura e os contidos do libro. Organizado en dúas partes diferenciadas, precedidas dunha introdución e pechadas cun epílogo, o ensaio interpretativo propiamente dito, “Pardo Bazán e a tradición literaria sobre o dandismo” (pp. 21-86), constitúe a primeira parte e estrutúrase en varios apartados nos que se desprega a análise literaria e estética, dando como resultado un estudo detallado e profundo. A continuación, complementáase co “Catálogo de dandis” (pp. 87-147), que ofrece unha revisión dos protagonistas das obras de Pardo Bazán que se encadran dentro da categoría. Nesta segunda parte, que se presta á indagación curiosa, cada un dos personaxes está catalogado e conta cunha ficha cuxo formato está de a cabalo entre unha ficha policial, unha catalogación académica ou un *book* para un casting peculiar.

Ademais, a obra complétase co estudo da actitude e o coñecemento sobre a estética, a moda e o vestir na obra de Pardo Bazán que Blanca Rodríguez Garabatos abordara nunha estupenda tese doutoral que se converteu no fermoso libro *Emilia Pardo Bazán y la moda* (A Coruña, Hércules de Ediciones, 2021).

Con todo, esta especie de *spin-off* do traballo académico centrado na visión pardobazanianiana da moda e a estética é algo máis que un estudo reflexivo sobre un fenómeno relacionado coa moda. Vai máis aló desta cuestión para penetrar no ámbito do retrato psicolóxico e da actitude moral sospeitosa e disfrazada de mera inclinación estética. Deste xeito, a mirada a estes aspectos que se relacionan coa preocupación masculina pola imaxe e a vestimenta evoca cuestións interesantes sobre a idea do dandi e a banalización do termo no seu uso contemporáneo, contextualizando a figura no seu momento de creación, así como o conxunto de actitudes que encerran, á vez, un certo encanto e unha intencionada perversión.

No ensaio, que se arroupa tras unha portada cun coidado deseño, moi certo na elección dos símbolos e as cores, o fenómeno do dandismo e a figura do dandi quedan perfectamente disecados, explicados e argumentados a través da enorme cantidade de textos de todos os autores citados que a investigadora nos fai ler. Ademais, leva a cabo unha interpretación deles mediante a cal tece un discurso que se converte nunha fonte de coñecemento sobre os autores revisados, a propia Emilia Pardo Bazán e o tema propiamente dito.

Así, aprendemos que, máis que unha cuestión de acerto ou preocupación polo vestir, o dandismo é unha actitude vital e artística, e, mesmo, que non é un fenómeno soamente masculino, como se desprende da análise psicolóxica e estética da figura de Espina Porcel, unha das protagonistas femininas da novela decadentista de Pardo Bazán, *La Quimera*, que aparece perfectamente retratada como un dandi feminino.

A lectura de *Emilia Pardo Bazán: visiones del dandismo* pódese facer, con todo, en varios niveis de profundidade. En primeira instancia, lévanos, sen dúbida, ao terreo da vestimenta masculina, e, aínda máis, ao terreo da actitude masculina cara á vestidura e os seus valores; algo que resulta especialmente interesante cando se contempla no momento contemporáneo no que xa desapareceu esa “renuncia masculina”, que se explica e glosa ao longo das páxinas, esa simplicidade ou sobriedade, esa descomplicación no vestir do home, que resulta nunha sorte de uniformización que se presenta como un desinterese por todo o que vai máis aló da pura corrección. O dandi, en relación coa vestimenta, encarna, pois, un interese pola imaxe que resulta totalmente contemporáneo, aínda que nos nosos días este interese perdera, en gran medida, outras actitudes que leva aparelladas o dandismo. Subsiste, con todo, neste momento, o que considero como o centro do fenómeno: a relación da construción da propia imaxe cunha actitude que pode ser vital, moral ou sinxelamente estética. É dicir, a utilización da propia imaxe a través do vestido, o arranxo <sup>3</sup>/<sub>4</sub>mesmo o aseo<sup>3</sup>/<sub>4</sub> ou a moda como unha maneira de mostrar, afirmar ou ratificar unha actitude determinada fronte á vida ou a sociedade, entendida como o resto dos semellantes.

Ao longo do traballo de Rodríguez Garabatos explórase maxistralmente esta actitude, o que implica e o que reflicte da personalidade e da catadura dos personaxes que a encarnan. Con todo, a obra de Pardo Bazán e a súa interpretación ofrecen, ademais, a oportunidade de mostrar nunha segunda lectura máis profunda o fondo moral que se asigna <sup>3</sup>/<sub>4</sub>e case se esixe<sup>3</sup>/<sub>4</sub> para a condición de dandi, que a novelista analiza e expón con coñecemento de causa e de maneira minuciosa. Deste xeito, o fenómeno alcanza fondura, porque esta condición non afecta soamente a unha cuestión de atilamento ou preocupación pola moda e a imaxe, senón que se converte na marca dunha construción intencionada.

Así se nos descobre un dos seus aspectos máis relevantes: a relación que o dandi e o dandismo establecen coa arte, xa que a creación dunha propia imaxe implica a construción dunha personalidade e dunha imaxe que se exhiben e que son, ambas, auténticos artificios. No fenómeno do dandismo dalgunha maneira repúdiase o natural, e así, do mesmo xeito que a arte se opón á natureza, o dandi é unha argucia equiparábel á obra de arte e por iso está asociado á figura de artistas e poetas, como se analiza e expón no estudo que apuntamos.

En última instancia, esta cuestión do dandismo e a arte relaciónase en esencia co problema estético. Como se mostra e se desenvolve no ensaio, o dandi preséntase como un esteta preocupado pola beleza e a perfección, pero da análise parece desprenderse que é un esteta baleiro, que se move no terreo do mal, polas súas variadas inclinacións cara ao diabólico, o asasinato ou o suicidio; pero, sobre todo, porque proxecta a paixón polo belo basicamente sobre si mesmo, exercendo unha estética egoísta e narcisista que con frecuencia aboca a unha destrución que poucas veces se reconduce a través da reflexión sobre a banalidade. En resumo, ler *Emilia Pardo Bazán: visiones del dandismo* pode constituír toda unha experiencia de coñecemento sobre a literatura, a estética e, quizais, sobre nós mesmos.